

**NOTA DE PRENSA 031/23
1 DE XUÑO DE 2023**

**OS EQUIPOS BECADOS POLA FGA AFRONTAN A PROBA DE CASA CON
TODA A EMOCIÓN E AMBICIÓN POSIBLE**

Cita de casa para os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo esta tempada. O Rally de Pontevedra será moi especial para Alexis Vieitez e Cristian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, xa que os catro son nados na provincia e ven a proba cunha motivación especial por correr ante os seus familiares e amigos.

Despois do amargo abandono de ambos conxuntos no pasado Rallye Mariña Lucense e coas baterías cargadas, afrontan a proba con epicentro en Sanxenxo co firme desexo de seguir mellorando nos cronos e pelexar polo triunfo tanto na Gara N5 como na Top Ten Pirelli – Driver – Autia B, na que son referentes.

Alexis Vieitez, un dos pilotos máis coñecidos da provincia de Pontevedra na actualidade destaca antes da carreira que “para min o Rallye de Pontevedra é un dos máis importantes. Faime moitísima ilusión correr alí xa que as persoas máis cercanas da miña vida estarán alí e un dos treitos pasará a pouca distancia da casa. Temos moita ilusión por facelo ben, queremos estar en tempos de cabeza e gustaríanos gañar porque estamos atopando o ritmo. A retirada no Mariña non nos baixou a moral e imos a por todas nesta proba”.

O seu copiloto, Cristian Álvarez engade que “agardamos quitarnos o mal sabor de boca do Mariña. É a proba de casa e imos saír moi concentrados dende o venres para loitar pola Gara N5”.

No outro vehículo becado que piloto Marcos Maceiras, mesma ilusión. “Comezaremos de menos a máis, pero ó ser o Rally da casa imos con moitas gañas. É unha proba moi especial e imos tentar seguir na liña dos últimos rallys, mellorando cronos e evitando ter un golpe, que é fundamental”.

Na mesma liña, Sergio Iglesias cree que “haberá que mirar ao ceo porque parece que o tempo vai estar cambiante. As sensacións despois do Mariña foron boas e xa estabamos en tempos de cabeza. Queremos ir progresando, pero somos conscientes de que non debemos correr riscos”.

A proba comezará este venres 2 de xuño coa celebración do primeiro dos treitos cronometrados, cos 9 restantes na xornada do sábado e chegada ao Praza do Mar de Sanxenxo as 20:55 horas.

Programa Horario do Rallye de Pontevedra:

Venres, 2 de xuño

Cerimonia de saída (Praza do Mar, Sanxenxo) // 19:15 horas

TC1 – Sanxenxo 365 días diferentes // 19:40 horas

Sábado, 3 de xuño

TC2 – Meaño – Staroil 1 // 08:03 horas

TC3 – Cerdedo – Cotobade 1 // 09:06 horas

TC4 – Campo Lameiro – Moraña 1 // 09:57 horas

TC5 – Meaño – Staroil 2 // 12:57 horas

TC6 – Cerdedo – Cotobade 2 // 14:00 horas

TC7 – Campo Lameiro – Moraña 2 // 14:51 horas

TC8 – Meaño – Staroil 3 // 17:51 horas

TC9 – Cerdedo – Cotobade 3// 18:54 horas

TC10 – Campo Lameiro – Moraña 3 // 19:45 horas

Entrada parque pechado final do Rally (Praza do Mar, Sanxenxo) // 20:55 horas